

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

**COMISARIAS
E ARTISTAS:**

Mercedes Rozas — Diego Vidal
Clara R. Cordeiro — Rebeca Lar
Chus Villar — Alberto Odériz

REB/VELADAS NA PAISAXE

INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS NOS ESPAZOS
NATURAIS DA CIDADE DA CULTURA
21 XUÑ — 26 NOV 2023



XUNTA
DE GALICIA





REB/VELADAS NA PAISAXE IV

INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS NOS ESPAZOS
NATURAIS DA CIDADE DA CULTURA
21 XUÑ – 26 NOV 2023

A cuarta edición de *Reb/veladas na paisaxe*, ciclo de intervencións artísticas nos espazos verdes do Gaiás, mantén a súa aposta por levar a arte máis aló das paredes do Museo, poñendo en valor as zonas naturais da Cidade da Cultura. Desde os seus inicios, o ciclo busca tamén dar visibilidade á presenza da muller en todos os eidos da arte contemporánea. Unha arela que se se materializa na escolla das comisarias e artistas que forman parte cada ano do proxecto, e que reflicten a diversidade no campo creativo.



Desta volta, son tres comisarias galegas cunha traxectoria destacada na programación e dirección de proxectos culturais —Mercedes Rozas Caeiro, Clara R. Cordeiro e Chus Villar— as encargadas de elixir as e os artistas que intervirán os espazos verdes do Gaiás: Diego Vidal (Boqueixón - A Coruña, 1997), Rebeca Lar (Vigo, 1993) e Alberto Odériz (Pamplona, 1983), respectivamente.

Partindo de conceptos e técnicas ben dispaes, as tres intervencións artísticas desta cuarta edición de *Reb/veladas na paisaxe* procuran un diálogo físico e visual coa contorna do Gaiás e coas persoas visitantes. Trátase de tres pezas que aguilloan a curiosidade

e convidan á reflexión a través do xogo de escalas, a reformulación de mitos e imaxinarios e a confrontación da ollada do público sobre si mesmo.

A ruta artística comeza no Bosque de Galicia, detrás das Torres Hejduk, onde se localiza a obra *Facendo zapping*, de Diego Vidal. De aló, movéndonos cara ao norte atoparemos, no medio do camiño entre as Torres e o Museo, a *División simple de una roca de granito* de Alberto Odériz. O percorrido finaliza baixando cara ao oeste, onde entre as árbores emerge *O caso de Palmira*, de Rebeca Lar.

Ubicación das intervencións artísticas



En *Reb/veladas na paisaxe* os diferentes camiños peonís que existen no complexo conducen ás persoas visitantes a estas intervencións artísticas. Desta forma, establécese unha nova ruta ao Gaiás, atractiva e cargada de significados culturais que relaciona o marco natural coas dúas cidades, a do Gaiás e a histórica Compostela.

A súa localización no monte Gaiás, atalaia privilexiada sobre a capital de Galicia, convida ao descubrimento e á sorpresa, integrándose nunha contorna natural que é empregada principalmente como espazo para o lecer e para o deporte, e que se transforma con *Reb/veladas* tamén en espazo cultural para a cidade

compostelá e para toda a poboación que acolle.

Nestas catro edicións, o ciclo *Reb/veladas na paisaxe* confirmouse xa como un ciclo de referencia en Galicia para as intervencións artísticas en espazos verdes e terreos naturais. Precisamente, dúas das obras instaladas en edicións anteriores pasaron a formar parte da arte permanente nos espazos naturais do Gaiás: a pirámide de *Deixa aquí os teus medos*, de Alicia Framis, e *Metáforas: pegadas dun percorrido*, de Alexandra R. Rey e Thomas Apostolou, ambas localizadas no Xardín literario, moi preto da praza central.

- 01** **Diego Vidal**
Facendo zapping
- 02** **Alberto Odériz**
División simple de una roca de granito
- 03** **Rebeca Lar**
O caso de Palmira

FACENDO ZAPPING

Diego Vidal e Mercedes Rozas



Diego Vidal reflexiona sobre a incomunicación na sociedade actual cunha intervención na que tres figuras humanas, próximas pero illadas entre si, dan as costas ao mundo que as rodea. Tomando como punto de partida as ideas do filósofo surcoreano Byung-Chul Han ao redor da alienación provocada polo abuso e mal uso que se fai das novas tecnoloxías, o artista galego intenta chamar a atención sobre a perda de contacto coa realidade próxima, concretamente, co ámbito natural.

Vivimos nunha cultura hiperconectada a nivel global (*hiperculturalidade*, para o filósofo surcoreano) que carrega beneficios para a relación e intercambio de información pero que ten tamén unha contrapartida menos amable: o illamento que como individuos establecemos coas nosas "máquinas".

A intervención está composta por tres pezas realizadas en resina e ferro, ancoradas ao terreo e situadas no Bosque de Galicia, aos pés das Torres Hejduk.

As figuras, homes e mulleres sostendo o móbil, presentan os seus rostros desfigurados nun mimetismo total coa pantalla do teléfono, absortos no círculo das novas tecnoloxías e incomunicados do mundo ao redor de si.

As figuras «forman un conxunto escultórico, preto unhas doutras, pero ao mesmo tempo incomunicadas entre si e co resto da contorna», explica Vidal. Algunhas chegan a dar as costas á vista das torres da Catedral de Santiago que se pode contemplar desde o cumio do Gaiás.

«Todo aprema simultaneamente no presente. Iso ten como consecuencia unha aglomeración de imaxes, acontecementos e informacións que fan imposible calquera demora contemplativa. Así é como imos facendo zapping polo mundo».

Byung-Chul Han



ARTISTA

Diego Vidal

(Boqueixón, A Coruña. 1997)

Diego Vidal desenvolve a súa práctica artística principalmente no campo da escultura, combinando obras de escala natural con esculturas de gran formato, nas que crea rostros e corpos humanos que modifica e deforma ao seu antollo para representar aspectos característicos da nosa actualidade, como é o caso desta intervención artística dentro do ciclo *Reb/veladas na paisaxe*. As súas creacións recibiron varios premios, destacando o 2º premio no certame Xuventude Crea 2022 na categoría de artes plásticas.

Comezou a súa formación artística na Escola de Artes Mestre Mateo de Santiago de Compostela, especializándose en escultura (Premio Extraordinario de Ensinanzas Artísticas Profesionais de Galicia 2017 polo proxecto *Xuízo*). Logo de mudarse a Valencia en 2020, gradúase en Belas Artes na Universitat Politècnica de València. Cursa o Máster en Produción Artística na mesma universidade e participa en numerosas exposicións

colectivas para despois regresar a Boqueixón, a súa aldea natal, onde compaxina na actualidade os estudos de Doutoramento en Arte na UPV coa preparación da súa primeira exposición individual e a participación en varios proxectos expositivos en espazos públicos.

COMISARIA

Mercedes Rozas

Licenciada en Xeografía e Historia, na especialidade de Arte Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela e membro do Padroado do Museo do Pobo Galego.

Desde os anos 80 desenvolve o seu traballo na crítica de arte como conferenciante e en publicacións para xornais como *La Voz de Galicia* e *Nós*, revistas especializadas e institucións públicas.

Foi coordinadora dos proxectos artísticos *Galicia Terra Única* (1997), *Xacobeo 99* (1999), *Pegadas Xacobeas* (1999), *Galicia Cidade Única* (2000), *Capitalidades Culturais* (2000), *Galicia 1981-2001* (2001), *X Aniversario da Casa de Galicia en Madrid* (2002) e *25 anos de Caixa Galicia en Santiago* (2002).

Como comisaria participou nas mostras colectivas *Espello do interior*, *Diálogos co silencio*, *Camiñantes*, *Itinerarios artísticos*, *Expresións Técnicas*, *Guieiros*, *Camiño de Santiago luz e vida*, *Hipervínculos*, *A arte da semellanza* e *Camiño de Volta*, entre outras. Tamén foi comisaria de exposicións individuais de Eugenio Granell, Xesús Carballido, Manuel Ayaso, Quintana Martelo, Xosé Luis de Dios, Xenaro Martínez Castro, Luis Gabú, Aurichu Pereira ou Leopoldo Nóvoa. Ten colaborado con institucións como a Xunta de Galicia, Afundación, Deputación de Ourense, Museo Barjola, Instituto Cervantes ou o Museo Nacional de Cracovia.

O CASO DE PALMIRA

Rebeca Lar e Clara R. Cordeiro



O caso de Palmira preséntase coma unha aproximación subxectiva á figura da meiga, das bruxas, cuestionando a historia aceptada e a súa representación como personaxes crueis e escuras no imaxinario colectivo. A través do retrato dunha meiga concreta, Palmira, Rebeca Lar pretende amosar todas as facetas das bruxas, confrontando as derivacións negativas tan presentes na cultura popular e propoñendo novas lecturas: mulleres transmisoras de coñecemento, menciñeiras, comadroas, perseguidas pola Inquisición, marxinas, rebeldes, independentes... e tamén símbolo feminista.

A intervención constrúe unha nova idea da "casa da bruxa" que recrea a botica dunha meiga, un espazo a medio camiño entre o real e o ficticio, entre o arquitectónico e o escultórico.

Inspirada na arquitectura escandinava e coa madeira como material principal, a casa intégrase no Bosque de Galicia e

convida ás persoas visitantes a fisgar no seu interior polas fiestras, para descubrir o obradoiro de traballo de Palmira. Teas, fíos, agullas, costura e bordado (técnicas empregadas habitualmente por Rebeca Lar nas súas pezas artísticas), unha mesa con diversos obxectos e ingredientes relacionados coa práctica menciñeira, así como lenzos e ilustracións que refiren ao tema da obra dan forma a este espazo simbólico.

Nunha das paredes exteriores, a frase «Chiara Fumai estivo aquí», pintada con spray como unha pista ás persoas visitantes e unha chiscadela á historia da arte e ao traballo da falecida performer italiana, ligado co feminismo, a maxia e a revisión de narrativas sobre mulleres esquecidas ou descartadas pola historia.

A porta de entrada permanecerá pechada agás en momentos puntuais como a apertura do ciclo, visitas guiadas ou actividades relacionadas coa instalación.



ARTISTA

Rebeca Lar

(Vigo, 1993)

Doutora en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Na súa tese de doutoramento estudou as representacións da bruxa na creación audiovisual contemporánea, problemática coa que tamén traballa no ámbito artístico e literario.

Recibiu premios de institucións diversas como a Xunta de Galicia, Universidad Loyola de Andalucía, Deputación de Ourense, Universidade de Vigo, etc. Formou parte de exposicións colectivas en diferentes cidades españolas, así como en Cuba e Portugal. Entre elas destacan *Lo (in)visible* (Madrid, 2022), *Identidades latentes* (Galicia, 2020) ou *Alén dos xéneros: prácticas artísticas feministas en Galicia* (Vigo e Santiago de Compostela, 2017).

Na súa obra o texto é, simultaneamente, material e concepto. A orixe latina da palabra texto –‘trama’, ‘tecido’– sostén unha creación artística que se vale de palabras bordadas, repetidas, definidas, superpostas, riscadas, borradas... recuperando con elas o quefacer artístico e activista das pioneiras feministas.

COMISARIA

Clara R. Cordeiro

Clara Rodríguez Cordeiro (Ourense, 1983) é socia fundadora e directora de proxectos de 7H Cooperativa Cultural. Licenciada en Historia da Arte pola USC, doutoranda especializada en arte contemporánea, educación e xénero e Máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas (USC e CGAC, 2009). Desenvolve, desde 2008, proxectos propios no ámbito do comisariado e a xestión cultural, defendendo co seu traballo a importancia dos procesos e da creación comunitaria.

Entre o seu traballo destaca a dirección dos proxectos *Mulleres en Círculo* (Igrexa da Universidade, 2016), *Mutacións Urbanas* (Concellos de Santiago e Teo, 2016 e 18), *Elas tamén Pintan* (Concello de Santiago, 2017-18 e 21), *Delas Fest* (Comarca de Santiago, 2019-22) e *Utópicas, arte e territorio* (Auditorio de Galicia, 2022).

Anteriormente foi coordinadora do espazo de creación e experimentación contemporánea A Chocolataría (Santiago de Compostela, 2006) e presidenta da Asociación Cultural [Sen Marco].

DIVISIÓN SIMPLE DE UNA ROCA DE GRANITO

Alberto Odériz e Chus Villar



O escultor e arquitecto pamplonés Alberto Odériz crea para a Cidade da Cultura unha intervención artística que explora a relación entre esta e o monte Gaiás, partindo da análise da metodoloxía deconstrutiva aplicada por Peter Eisenman a ambos no seu proxecto arquitectónico.

Odériz trata de percorrer o camiño inverso trazado polo arquitecto estadounidense, á procura da acción primixenia (DIVIDIR), no material orixinal (GRANITO) e a unha escala fundacional (A HUMANA) co obxectivo de introducir ás persoas visitantes na experiencia de atravesar o interior dunha roca de granito.

Desta forma, a escultura propón un diálogo coa estratexia conceptual da Cidade da Cultura pero cunha escala, un material e unha experiencia propias.

O material protagonista é o granito galego e o traballo principal aquel que se realiza

sobre el nas canteiras: a división sucesiva da rocha natural. Toda a complexidade do proxecto de Eisenman sobre o monte Gaiás, sobre Santiago de Compostela e sobre Galicia concentrada nun único xesto simple: dividir unha roca de granito.

No desenvolvemento desta proposta Odériz tivo moi presente a resposta que deu o escultor Richard Serra coas súas esculturas no Guggenheim: un contido que responde ás condicións da sala, da cidade e do museo pero que trata de buscar unha xeografía e un espazo propio a través da inserción do público nunha escala e unha materialidade nova.



ARTISTA

Alberto Odériz

(Pamplona, 1983)

Alberto Odériz é arquitecto pola ETSA de Barcelona e máster en Análise, Teoría e Historia da Arquitectura e a Cidade pola Universidade Nacional Autónoma de México, cunha tese sobre a destrución do espazo público na capital mexicana. Desde 2010 reside entre Navarra e México, onde compaxina o seu traballo como escultor con outras disciplinas como o urbanismo ou a docencia (profesor do seminario de investigación no Máster en Vivenda e en Cidade en CENTRO-México).

Expuxo o seu traballo en España (Museo de Navarra, Centro Huarte, Galería Nordés, ARCO) e en México (Centro Cultural de España en México, UNAM, PROXECTOR ou a feira MACO, entre outros).

Recentemente realizou traballos de escultura ao redor da temática da "Inexplicable roca", explorando coa metodoloxía da arqueoloxía os diferentes acontecementos do presente que pola súa condición trágica (o terremoto de 2017

en México), contestataria (as manifestacións en contra dos feminicidios en 2019-2020) ou simplemente pola súa insignificancia (as primeiras accións dunha nena nada en 2019) non estaba prevista a súa preservación.

En 2023 obtivo o premio de Arte Emerxente na Feira ARCO de Madrid.

COMISARIA

Chus Villar

Chus Villar é licenciada en Historia da Arte, fundadora e directora da Galería Nordés desde decembro de 2017 (Santiago de Compostela). Previamente, desenvolveu a maior parte da súa carreira profesional na Galería Trinta, tamén en Compostela, onde desempeñou os cargos de adxunta, directora xeral e finalmente directora. Ten participado na programación, xestión e organización de máis dun cento de exposicións de artistas internacionais, ademais de participar en outros proxectos como seminario, feiras, etc.

No seu labor como comisaria, sobresaí o seu traballo xunto ao

escritor Juan Bonilla na primeira exposición retrospectiva do fotógrafo Baldomero Pestana (19717-2015). *Baldomero Pestana. A verdade entre as mans* inaugurouse en febreiro de 2018 no Instituto Cervantes de Madrid e pasou logo polo Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura e polo Instituto Cervantes en París.

Desde marzo de 2019 é tamén presidenta de Contemporánea, a Asociación de Galerías de Arte Contemporánea de Galicia.

OS ESPAZOS

Xardín literario



A Cidade da Cultura conta no corazón do complexo co Xardín literario, un espazo verde dedicado aos escritores e poetas galegos. Este xardín, que ocupa algo máis dunha hectárea, desprega unha plantación de árbores de 14 especies diferentes que evocan na súa disposición as follas dun libro. Complétase cun pequeno sendeiro, o Camiño dos Libros, e cunha instalación artística xerada a través de placas con citas literarias de autores galegos, rodeado de camelias.

Tapices vexetais, recubrido con plantas rubideiras paredes de ata oito metros, taludes axardinados

cunha rica variedade de especies, un estanque e un miradoiro configuran un lugar apracible para o descanso e para achegarse ás letras. Ao fondo do xardín e ao abrigo dos ventos, ábrese un espazo —a modo de auditorio ao aire libre— onde celebrar concertos, teatro, recitais e outro tipo de actividades literarias.

O proxecto xira en torno ao concepto paisaxístico de ‘xardín dinámico’, un lugar onde a vexetación está viva e ten capacidade de evolucionar con liberdade no tempo. Respectouse a vexetación espontánea que medraba nese lugar, e botouse

man de especies de fácil mantemento. Empregáronse materiais ecolóxicos para o axardinamento, como vigas de madeira ecolóxica.

Foi deseñado pola arquitecta Isabel Aguirre e o seu equipo da Escola Galega da Paisaxe, e levado a cabo polos traballadores da empresa pública TRAGSA.

OS ESPAZOS

Bosque de Galicia



Érguese nas ladeiras do monte Gaiás con preto de doce mil árbores de especies autóctonas (carballos, castiñeiros, bidueiros, espiños, pradairos, abeleiras, érbedos, freixos, faias...). Trátase dun novo pulmón verde de 34 hectáreas que incrementa a biodiversidade da zona e mellora o metabolismo ambiental de Santiago, ao tempo que contribúe a integrar a Cidade da Cultura en Compostela, favorecendo que os e as visitantes se acheguen camiñando.

Unha rede de sendas peonís de máis de cinco quilómetros favorece o seu uso como lugar para o paseo, o contacto coa natureza e para todos os afeccionados ás actividades deportivas ao aire libre. A trama das sendas do Bosque de Galicia permite subir ao Gaiás elixindo itinerarios máis o menos suaves, ofrecendo alternativas para todos os visitantes. Un sistema de iluminación LED de baixo consumo permite o uso destas sendas nas horas sen luz natural. Ademais, no

cumio do monte, instalouse unha estación fotovoltaica que contribúe á recuperación desta enerxía. O sistema instalado ofrece unha iluminación suave e funcional, que evita a contaminación luminosa.

O Bosque de Galicia conta con zonas de descanso e un fermoso miradoiro no alto onde descubrir unha das vistas máis descoñecidas de Santiago. Nel, un banco orientado cara ao oeste ofrece unha panorámica privilexiada para contemplar o solpor de Compostela.

Na plantación das árbores teñen participado centos de cidadáns e escolares, nun xesto que simbolicamente busca evidenciar que o Bosque de Galicia é o bosque de todos os galegos. Este proxecto, que parte da idea orixinal de Eisenman Architects, é o resultado da colaboración de cinco consellerías do Goberno galego. O proxecto contou tamén co asesoramento da dos técnicos da Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega e de xeito

particular da súa directora Isabel Aguirre, recoñecida paisaxista que ten aportado a Galicia traballos excepcionais, como o parque de San Domingos de Bonaval.

A selección de especies e as tarefas de plantación foron levadas a cabo pola empresa pública de Servizos Agrarios (SEAGA), coa participación dos membros de AMICOS, Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Intelectual e a colaboración do Proxecto Landra nas plantacións realizadas con escolares. O trazado inicial das sendas corresponde a Perea+Euroestudios, o mobiliario e diversas solucións arquitectónicas, o deseño de iluminación, así como o trazado e solución final das sendas son de RVR arquitectos.

Créditos

ORGANIZA

XUNTA DE GALICIA

Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES Conselleiro

Román Rodríguez González

Secretario Xeral Técnico

Manuel Vila López

Director Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Directora Xerente

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora de Acción Cultural

María Pereira Otero

Director de Oficina Técnica

Benito García Caramés

Director Económico Financeiro

Santiago González Prado

Fondo Gaiás Empresa Galega

Abanca

Afundación

Inditex

Inveravante

Naturgy

Fundación Barrié

Banco Sabadell

Coren

Campo

Gadisa

Grupo Nosa-Terra 21

Astilleros Barreras

R Cable y Telecomunicaciones

Galicia

Monbus

Coordinación *Reb/Veladas na paisaxe*

Departamento de exposicións de
Acción Cultural

Mar Angosto

Carmen Menéndez Montero

Verónica Santos Farto

Oficina Técnica Fundación

Enxeñería: Álvaro Prego

Arquitectura: Antonio Maroño

Administración: Rafael Guerra

Asesoría Técnica: Sausan El Shami

Comunicación e Márketing

Fundación Cidade da Cultura de
Galicia

Didáctica-mediación

Fundación Cidade da Cultura de
Galicia

Deseño de soportes para a sinalética

Cenlitrosmercadocadrado

Facendo zapping

Artista: Diego Vidal

Comisaria: Mercedes Rozas

Montaxe: Daexga

División simple de una roca de granito

Artista: Alberto Odériz

Comisaria: Chus Villar

Montaxe: Gruas norte, Camións
transtaqui. S.L, Canteira Penido
(Muimenta, Ourense)

O caso de Palmira

Artista: Rebeca Lar

Comisaria: Clara R. Cordeiro

Montaxe: Soluzioni Pippo&RoCo,
Rebeca Lar, e 7H cooperativa
cultural



REB/VELADAS NA PAISAXE

Intervencións artísticas
nos espazos naturais da
Cidade da Cultura

21 xuñ – 26 nov 2023

cidadedacultura.gal



XUNTA
DE GALICIA